



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 17 DE SETEMBRO DE 2020,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Proxecto de Lei de ordenación do territorio de Galicia.
- Proxecto de Lei de pesca continental de Galicia.

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Proxecto de Lei de impulso demográfico de Galicia.

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Decreto polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Decreto polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.
- Decreto polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base en Galicia.
- Decreto polo que se nomea secretario xeral da Emigración a Antonio Rodríguez Miranda.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Administración Local a Natalia Prieto Viso.
- Decreto polo que se nomea delegado territorial da Xunta na Coruña a Gonzalo Trenor López.



## **INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

- Decreto polo que se nomea delegado territorial da Xunta en Lugo a Javier Arias Fouz.
- Decreto polo que se nomea delegado territorial da Xunta en Ourense a Gabriel Alén Castro.
- Decreto polo que se nomea delegada territorial da Xunta en Pontevedra a María Luisa Piñeiro Arcos.
- Decreto polo que se nomea delegada territorial da Xunta en Vigo a Marta María Fernández Tapias Núñez.

## **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Decreto polo que se dispón que cese Natalia Prieto Viso como directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.
- Decreto polo que nomea director xeral de Avaliación e Reforma Administrativa a Jesús Oitavén Barcala.

## **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto trazado: "Actualización do proxecto: Ramal de conexión entre a AG-53 e a N-525 en Dozón (PO/12/132.01)", de clave: PO/19/027.01, no Concello de Dozón (Pontevedra).

## **CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

- Decreto polo que nomea directora xeral de Relacións Laborais a Elena Mancha Montero de Espinosa.

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se dispón que cese Andrés Paz Ares Rodríguez como director xeral de Saúde Pública.
- Decreto polo que se dispón que cese Antonio Fernández-Campa García-Bernardo como xerente do Servizo Galego de Saúde.
- Decreto polo que se dispón que cese Margarita Prado Vaamonde como directora de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Decreto polo que se nomea directora xeral de Saúde Pública a Carmen Durán Parrondo.
- Decreto polo que se nomea xerente do Servizo Galego de Saúde a José Flores Arias.
- Decreto polo que se nomea directora de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde a Ana María Comesaña Álvarez.

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Decreto polo que se dispón que cese María Amparo González Méndez como directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.
- Decreto polo que se dispón que cese Ildefonso de la Campa Montenegro como director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica a Jacobo José Rey Sastre.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade a Fernando González Abeijón.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Atención Integral Sociosanitaria a Antón Acevedo Prado.

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se dispón que cese Miguel Ángel Pérez Dubois como director xeral de Desenvolvemento Rural.
- Decreto polo que se dispón que cese Manuel Rodríguez Vázquez como director da Axencia galega da Calidade Alimentaria (Agacal).
- Decreto polo que nomea directora xeral de Desenvolvemento Rural a Inés Santé Riveira.
- Decreto polo que nomea director da Axencia galega da Calidade Alimentaria (Agacal) a José Luis Cabarcos Corral.

## CONSELLERÍA DO MAR



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

- Decreto polo que se dispón que cese María Isabel Concheiro Rodríguez-Segade como secretaria xeral técnica.
- Decreto polo que nomea secretaria xeral técnica a Silvia Cortiñas Fernández.

**INFORMES**

**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

- Informe sobre a resolución das axudas para o fortalecemento dos centros de coñecemento galegos.

**CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Informe sobre a primeira emisión de débeda sostible da Comunidade Autónoma.

**CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre as actuacións de Portos de Galicia entre xullo de 2019 e xullo 2020.



## A LEI DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO ACTUALIZA, SIMPLIFICA E AXILIZA A PLANIFICACIÓN URBANÍSTICA PARA EVITAR POSIBLES DESEQUILIBRIOS E MELLORAR A COORDINACIÓN TERRITORIAL

- *O Consello da Xunta da o visto e praxe a este novo texto normativo, que agora inicia a súa tramitación parlamentaria para aprobación definitiva*
- *Na liña do que xa fixa a Lei do solo, o procedemento ambiental e o de tramitación dos instrumentos de ordenación intégrase nun único procedemento, para facilitar a súa aplicación e evitar acudir a varias normas*
- *Unha das principais novidades é que os plans sectoriais serán figuras máis seguras, ao concretar e detallar o propósito de cada un e priorizando a planificación xeral, co fin de garantir que as actuacións cumpran obxectivos marcados para o conxunto da Comunidade*
- *A Lei de ordenación establece como figuras de ordenación as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), o marco xeral de referencia; os Plans Sectoriais, para implantar actividades sectoriais no territorio; os Plans Territoriais, integrados e especiais; e os Proxectos de Interese Autonómico, único instrumento de intervención directa no territorio*
- *Esta nova lei actualiza a norma vixente, a Lei 10/1995, e suman un novo fito ao traballo realizado polo Goberno galego nos últimos dez anos para modernizar e actualizar o corpo urbanístico da Comunidade*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá acordou enviar novamente ao Parlamento de Galicia a nova Lei de ordenación do territorio, co fin de que inicie a tramitación para a súa aprobación, que quedou suspendida por mor da convocatoria electoral.

O texto da que será a nova Lei de ordenación do territorio actualiza, simplifica e axiliza os diferentes instrumentos da planificación urbanística para esquivar posibles desequilibrios e mellorar a coordinación e planificación territorial.

En liñas xerais, a nova Lei segue a senda iniciada coa redacción da Lei do solo, e o seu regulamento, de acadar normativas máis simples, útiles, eficientes e prácticas. Nese sentido, apostouse por unha simplificación administrativa, tanto do número de figuras coma no procedemento da súa tramitación. Paralelamente, estableceuse un único procedemento de tramitación para todos os instrumentos de ordenación do territorio, diferenciando entre os que se someten a avaliación ambiental estratéxica ordinaria ou simplificada, no canto de regular un procedemento por cada un dos instrumentos de ordenación territorial, como fai a vixente lei.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Un terceiro aspecto para acadar unha simplificación administrativa é integrar o procedemento ambiental no de tramitación do instrumento de ordenación, evitando ter que acudir a diversas normas para identificar que procedemento resulta aplicable.

Todas estas cuestións camiñan cara a aplicación do principio de eficiencia, co fin de evitar cargas administrativas innecesarias ou accesorias, ao tempo que se racionalizan os recursos públicos que interveñen nos procedementos administrativos.

Unha das principais novidades é que se dota dunha maior seguridade á figura de plan sectorial, pois a nova lei trata de concretar e actualizar a definición que se establece na lei vixente, sobre todo para diferenciala do concepto proxecto sectorial (instrumento que o desenvolve), ao tempo que se concreta o propósito de cada un, máis alá da escala da intervención.

Os plans sectoriais son instrumentos que teñen por obxecto ordenar e regular a implantación de actividades sectoriais no territorio, é dicir, buscan a ordenación a nivel territorial dun sector concreto. Polo tanto, tendo en conta o seu carácter sectorial e que o seu ámbito é a Comunidade, só poderán ser de promoción pública. En definitiva, a escala territorial garantirá que as diferentes actuacións que se fagan cumpran os obxectivos marcados para toda a Comunidade, evitando as actuacións illadas e con criterios parciais que pode ter o desenvolvemento a través de instrumentos de planificación locais.

### **Catro figuras de ordenación**

A lei componse de 58 artigos, distribuídos en dous títulos, seis disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras.

No título I desenvolve o contido da ordenación do territorio e os instrumentos de ordenación do territorio, diferenciando entre as Directrices de Ordenación do Territorio, os Plans Territoriais, integrados e especiais, os Plans Sectoriais e os Proxectos de Interese Autonómico. Elimínanse, polo tanto, dúas figuras: a de plans de ordenación do medio físico, xa que nos case 25 anos en vigor da lei non se aprobou ningún e esta figura ten a súa equivalencia nos plans territoriais especiais; e a de programa coordinados de actuacións, por entender que se trata dunha figura de carácter inversor e de compoñente administrativo, que non ten sentido considerala como figura de ordenación territorial.

As DOT son o instrumento de carácter global e o marco xeral de referencia, que establece as pautas espaciais de asentamento das actividades, de acordo coas políticas sociais, económicas e culturais. Neste caso, respectouse case íntegramente, dado que a súa aprobación en 2011 xa incorporaba moitos dos conceptos de sostibilidade ambiental que se incorporan á lei. Unha novidade que se introduce é que o informe de



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

seguimento parlamentario será trianual, no canto de anual, co fin de manexar datos e indicadores que reflectan unha maior evolución.

Os plans territoriais diferéncianse entre integrados e especiais, en funcións da súa maior ou menor escala e ámbito de afección territorial. Os integrados están dirixidos á organización de áreas xeográficas supramunicipais de características homoxéneas ou a aquelas que, polo seu tamaño e relacións funcionais, demanden unha planificación dos usos do solo, das actividades produtivas, das infraestruturas e dos equipamentos de tipo comarcal e de carácter integrado.

No caso dos plans territoriais especiais, poden dar soporte a requirimentos especiais de planificación de ámbitos en función de distintas características (morfolóxicas, agrícolas, gandeiras, forestais, etnográficas, produtivas, paisaxísticas ou ecolóxicas...) que esixan unha consideración e tratamento unitario. O obxectivo é a definición dun modelo territorial que faga compatible o desenvolvemento e a defensa do medio natural, co fin de conseguir un crecemento equilibrado e unha mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

En relación coa figura dos plans sectoriais, a principal novidade é que se amplía o seu ámbito de aplicación para que sexa toda a Comunidade autónoma, ao tempo que se concreta a definición de plan sectorial que recolle a normativa vixente, que non se diferencia moito da figura de proxecto sectorial, que é o instrumento que o desenvolve. O obxectivo é acadar unha mellor ordenación das actividades que se poidan implantar no territorio, polo que debe ser a figura que analice e estude onde se deben implantar, polo tanto só poderán ser de iniciativa pública, sendo a administración a que determine onde se instalan mencionadas actividades.

Os plans sectoriais redefínense como instrumentos que teñen por obxecto ordenar e regular a implantación de actividades sectoriais no territorio (produción e transporte de enerxía, vivendas protexidas, equipamentos supramunicipais..), así como planificar e ordenar os recursos cunha problemática territorial común en ámbitos supramunicipais concretos, e establecer, no seu caso, as condicións xerais para as futuras actuacións que os desenvolvan.

A última das figuras de ordenación son os Proxectos de interese autonómico, que veñen a substituír aos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, e que son o único instrumento de intervención directa no territorio, é dicir, servirán para planificar e executar as actuacións concretas, como pode ser a implantación de dotacións urbanísticas, creación de solo destinado a vivendas protexidas, e creación de solo destinado á realización de actividades económicas.

A lei esixe que en todos os casos deberá xustificarse que transcenden do ámbito municipal pola súa incidencia territorial, económica, social ou cultural; e que non teñen



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

previsión nin acomodo no planeamento vixente. Estes poderán ser previstos, o único instrumento de desenvolvemento no caso de que existan un plan sectorial; ou non previstos, que deberá obter a correspondente declaración de interese autonómico por parte do Consello da Xunta.

### **Ordenación do territorio igualitaria e coherente para os 313 concellos galegos**

A Xunta de Galicia defende que a lexislación urbanística é unha garantía de éxito para acadar que a ordenación do solo de cada municipio sexa coherente e igualitaria para os cidadáns do propio concello. Non obstante, sostén que é preciso ter unha serie de instrumentos de carácter supramunicipal que garantan esa mesma igualdade de oportunidades a nivel da Comunidade Autónoma, co fin de corrixir os posibles desequilibrios resultantes da variedade que presenta o territorio de Galicia.

Nese sentido, a nova lei reforza unha serie de obxectivos para mellorar a calidade de vida dos habitantes, como a procurar dun desenvolvemento equilibrado de toda a Comunidade, garantir a accesibilidade de toda a poboación ás infraestruturas e servizos, mellorar a relación do medio urbano e o medio rural, tratando de evitar o éxodo masivo do campo ás cidades, establecendo políticas e estratexias que fagan máis atractiva a vida no rural; e potenciando o desenvolvemento económico sostible, aproveitando e valorando as oportunidades que ofrece o territorio e protexendo os valores que presenta, tanto naturais como culturais.





## A NOVA LEI DE PESCA CONTINENTAL APOSTA POR IMPULSAR A REMUDA XERACIONAL E UN MODELO DE PESCA SOSTIBLE CAPAZ DE XERAR EMPREGO E RIQUEZA NO RURAL

- *O Consello da Xunta informa favorablemente o anteproxecto de nova Lei pesca continental que agora inicia a súa tramitación en sede Parlamentaria*
- *Unha das novidades que recolle o texto é a creación das Escolas de río que, xunto co fomento da formación e da educación nesta materia, será a medida de referencia para incentivar e implicar aos máis novos nesta modalidade deportiva*
- *A nova lei promove unha reordenación e clasificación das masas de auga, co obxectivo de facer da pesca un motor de fomento do turismo e canalizador das actividades tradicionais e do patrimonio ictícola da Comunidade*
- *A implantación dun sistema de autoguiado para os exemplares de reo capturados é outra das medidas que garantirá a sostibilidade da pesca, fomentando a corresponsabilidade na xestión*
- *Destaca a tipificación de conduta moi grave a pesca de especies ameazadas sen que se devolvan ás augas de xeito inmediato; mentres que a devolución ás augas dun especie exótica invasora se considerará grave*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá acorda enviar novamente ao Parlamento de Galicia a nova Lei de pesca continental, co fin de que inicie a tramitación para a súa aprobación, que quedou suspendida por mor da convocatoria electoral.

Con este novo texto legislativo quérese dar resposta a dous grandes obxectivos, como son impulsar a remuda xeracional dos pescadores na Comunidade e implantar un modelo de pesca sostible no tempo, que ao mesmo tempo sexa capaz de xerar emprego a riqueza no medio rural, e que poña en valor os recursos naturais e piscícolas.

A nova Lei de pesca, que agora inicia a súa tramitación parlamentaria, vén substituír a actual norma (Lei 7/1992) con máis de 27 anos de vixencia, pon o foco na necesidade de achegar aos máis novos esta modalidade deportiva, polo que para fomentar a participación das xeracións máis novas, a Lei prevé a creación de Escolas de río, coas que se pretende implicar e educar aos mais pequenos na conservación dos ecosistemas acuáticos continentais, favorecendo a remuda xeracional. As actividades formativas e de educación nesta materia facilitarán incrementar e mellorar o coñecemento, por parte da sociedade, dos aspectos ambientais, sociais e económicos ligados á pesca; así como pola conservación e o mantemento dos cursos fluviais para facilitar unhas óptimas condicións para a pesca.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Nese sentido, o Consello tamén foi informado da convocatoria a comezos de 2020 dunha orde de axudas dirixida ás entidades colaboradoras de pesca fluvial para fomentar a riqueza piscícola. Así, Medio Ambiente destinará 125.000 euros para que os cotos leven a cabo accións de vixilancia de tramos de pesca fluvial e desenvolvemento de actividades formativas e divulgativas.

Asemade, para afianzar a remuda xeracional, os rapaces de ata 14 anos poderán practicar a pesca sen expedir a correspondente licenza, e todos os menores de idade quedarán exentos do pago das correspondentes taxas de obtención de licenza, gozando así mesmo de gratuidade nos permisos para a práctica da pesca sostible. c

Estas medidas tamén son unha garantía para implantar na Comunidade un modelo de pesca sostible, que tamén sexa fornecedora do desenvolvemento turístico, económico e social no medio rural. Así, co fin de fomentar o turismo ligado á práctica da pesca, contemplase a posibilidade de outorgar concesións de aproveitamentos piscícolas en encoros e lagoas a empresas turísticas, manténdose así mesmo a posibilidade actual de regular unha reserva de permisos de pesca para o fomento desta actividade nas augas que se determinen.

Deste xeito, tamén se apostou por unha clasificación das masas de auga, que agora serán pescables, libres ou de réxime especial, ou non pescables, que neste caso poderán ser vedados de pesca ou reservas piscícolas.

A súa vez, as augas pescables de réxime especial divídense en coutos de pesca, masas de auga de especial interese para a riqueza piscícola e ,como novidosos, os escenarios deportivos- sociais e de formación e augas de pesca de aproveitamento privado, cos que se pretende potenciar o turismo de pesca nos ríos galegos, ao tempo que representa unha medida efectiva para fomentar a pesca entre os nenos, facilitar a práctica entre a xente da terceira idade e tamén permite o adestramento aos competidores; buscándose activar a economía da pesca nos períodos de veda, cun beneficio directo sobre as zonas rurais.

Galicia é unha rexión na que unha porcentaxe elevada dos seus pescadores practican o modelo tradicional da pesca deportiva extractiva e apostan por pescar en zonas libres (máis que nos coutos).

Outra das novidades é o establecemento dun sistema de autoguiado para os exemplares de re (identificación das capturas), de modo que será o pescador o que comunique á Administración os datos das capturas realizadas. Este é un aspecto novidoso que incorpora a Lei, que xa existe noutros países da Unión Europea, e que supón un exemplo de corresponsabilidade na xestión por parte dos pescadores.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Tamén é unha medida importante desde o punto de vista da conservación, e que incorpora a nova lei é a especial protección das actividades tradicionais de pesca continental de carácter etnográfico, coa finalidade de garantir a transmisión, promoción e posta en valor de técnicas tradicionais de pesca, que se consideran representativas da cultura e forma de vida tradicional galega, utilizadas nunha determinada zona ou por un determinado colectivo. Entre as mesmas, destacan as pesqueiras do río Ulla e as estacadas do río Tea, para a pesca da lamprea.

### Aspectos técnicos

A nova Lei de pesca, que consta de 88 artigos, 15 disposicións e 7 títulos, tamén introduce unha serie de aspectos de carácter técnicos novidosos, como o feito de prohibir o emprego de substancias ou aparellos paralizantes, tranquilizantes, atraentes ou repelentes de peixes; mentres que os pesos que conteñan chumbo, quedarán prohibidos no momento no que se dispoñan dun material análogo que os poida substituír. En canto ás repoboacións, estas deberán facerse exclusivamente con especies autóctonas e contarán cunha planificación previa da Consellería.

Sobre o réxime sancionador, simplifícanse a clasificación das categorías de infraccións, eliminando a categoría de menos graves reducindo o importe cando o infractor recoñeza a súa responsabilidade ou efectúe o pago en período voluntario. Tamén se dedica unha atención especial á reparación do dano causado e á reposición da situación alterada ao seu estado anterior, aspectos que poden ser materialmente tan importantes como a mesma tipificación da infracción e a determinación da sanción aplicable.

Por último, destaca o recoñecemento por lei de novas condutas infractoras, como devolver ás augas exemplares de especies exóticas invasoras (grave) ou a pesca de especies ameazadas sen que se devolvan ás augas de xeito inmediato (moi grave).

## A XUNTA APROBA DE XEITO DEFINITIVO O PROXECTO DE LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO COA QUE GALICIA SERÁ PIONEIRA EN TODA ESPAÑA

- *Remitirase nos vindeiros días ao Parlamento de Galicia para que os grupos políticos fagan as súas achegas co obxectivo de aprobalas co maior consenso*
- *É froito dun longo proceso de debate coa sociedade civil iniciado hai sete meses e no que participaron os membros do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, do Consello Económico e Social e cidadáns a título particular*
- *Destinaranse 800 millóns anuais ao desenvolvemento das medidas que recolle a norma coa finalidade de que todas as familias que queren ter fillos en Galicia contan con máis facilidades que en ningunha outra parte*

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe ao proxecto de Lei de impulso demográfico despois de sete meses de tramitación nos que se foi enriquecendo coas propostas de membros da sociedade civil galega. O texto será remitido nos vindeiros días ao Parlamento de Galicia co obxectivo de que os grupos políticos fagan as súas achegas e, desta maneira, manter na súa aprobación o consenso que guiou a súa elaboración.

O obxectivo desta norma, coa que Galicia será a pioneira en España, é que todas as familias que queiran ter fillos contan con máis facilidades que en ningunha outra parte. Co fin de desenvolver todas as medidas que establece a lei, o Goberno galego destinará un investimento anual de 800 millóns de euros. Trátase dun texto que afronta a cuestión demográfica cun enfoque transversal e orientado ao longo prazo, xa que a intención da Xunta é que non sexa asumida como unha lei de goberno senón como unha lei de país.

Neste sentido, o contido desta normativa é o resultado dun longo proceso de debate que deu os seus primeiros pasos no Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, continuou cun proceso de exposición pública do que se tivo en consideración o 80% das alegacións presentadas e, nas últimas semanas, a través do ditame do Consello Económico e Social de Galicia, que achegou as perspectivas das organizacións sindicais, empresariais, das universidades e dos demais axentes representados nel.

### **Universalización da educación infantil de 0 a 3 anos**

Esta lei ordena e dá coherencia tanto ás medidas de impulso demográfico que o Executivo autonómico xa está a poñer en práctica como aquelas que se introducirán nos vindeiros anos e que son consecuencia do proceso de participación dos axentes antes citados.

Así, da fase de exposición pública da norma que se abriu ao conxunto da sociedade incorpóranse elementos moi importantes. Estes son, entre outros: a universalización

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

da educación infantil de 0 a 3 anos, para a que o Goberno galego deu o primeiro paso o pasado 1 de abril coa gratuidade para os segundos fillos e sucesivos, así como a posibilidade de prórroga dun ano da Tarxeta Benvida para as familias en situación de especial vulnerabilidade, algo que xa é realidade este ano.

Tamén, como consecuencia das alegacións propostas, se recolle a creación dun Comité de ética dos servizos sociais de Galicia; a elaboración dunha Estratexia de prevención e abordaxe integral da soidade non desexada, na que xa se está a traballar, ou a incorporación ao texto legal de programas de recuperación de vivendas baleiras.

**Incorpóranse o 83% das recomendacións do CES**

Ademais, a lei ten en conta máis do 83% do ditame do Consello Económico e Social, o que supuxo modificar 26 artigos dos 106 que a conforman. Nesta fase incorporáronse as seguintes novidades: fixar un prazo máximo dun ano desde a publicación da lei para elaborar a normativa necesaria que desenvolva e aplique os artigos; incorporar a diversidade como principio específico en materia de familia; estender a oferta de recursos de conciliación, inicialmente prevista para o verán, a todos os períodos non lectivos; incluír no funcionariado autonómico con dereito prioritario á flexibilidade horaria aqueles que están a cargo de familiares enfermos, maiores ou con discapacidade.

A maiores, introdúcese a necesidade de considerar na planificación e xestión das políticas públicas a coordinación co sector social e a economía circular; ter en conta aspectos sociais, ambientais e de fixación de poboación na regulación do acceso á terra e incorporar ao eido da educación non formal, como eido prioritario, a formación para os coidados no ámbito familiar. Así mesmo, inclúese no texto da lei a xustiza dentro dos servizos básicos aos que toda galega e galego debe ter dereito con independencia do seu lugar de residencia; e garantir a continuidade, durante o tempo que sexa preciso, das axudas familiares por nacemento para as persoas especialmente vulnerables mentres esperan por unha prestación de apoio á renda.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA A ESTRUTURA ORGÁNICA DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

- *A Vicepresidencia Primeira asumirá a Axencia de Turismo de Galicia pasando a ostentar a súa presidencia*
- *A Secretaría Xeral da Igualdade integrarase na Consellería de Emprego e Igualdade, na que se crea unha nova dirección xeral, a de Relacións Laborais, que asume parte das competencias que neste eido tiña a antiga Secretaría Xeral de Emprego. Esta última pasa a converterse en Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social*
- *A Vicepresidencia Segunda e a Consellería de Emprego e Igualdade distribúense as competencias da anterior Consellería de Economía, Emprego e Industria*
- *A Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e a EGAP pasarán a depender da Consellería de Facenda e Administración Pública*

O Consello da Xunta aprobou na reunión de hoxe os decretos que fixan a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, así como dos órganos superiores e de dirección dependentes directamente da Presidencia da Xunta.

Unha das novidades ten que ver coa Axencia de Turismo de Galicia, xa que será a Vicepresidencia Primeira a que agora ostentará a súa presidencia, que viña correspondendo á anterior Consellería de Cultura e Turismo.

Na Vicepresidencia Segunda –que terá baixo a súa xestión as áreas de Economía, Empresa e Innovación– cambiase a denominación da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, que pasa a denominarse Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais. Ademais, a Secretaría Xeral de Emprego, que dependía da Consellería de Economía, Emprego e Industria, integrase na Consellería de Emprego e Igualdade.

Esta consellería inclúe tamén a Secretaría Xeral da Igualdade, que pertencía á estrutura da Vicepresidencia Primeira, e conta con outras direccións e organismos da anterior Consellería de Economía, Emprego e Industria como a Dirección Xeral de Formación e Colocación -antiga Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral-, o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga) e o Consello Galego de Relacións Laborais. Ademais, créase unha nova dirección xeral, a de Relacións Laborais, que asume parte das competencias que neste eido tiña a antiga Secretaría Xeral de Emprego. A maiores, esta secretaria xeral pasa a converterse en Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social.

As demais direccións xerais da anterior Consellería de Economía, Emprego e Industria –a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais e a Dirección Xeral de Comercio e Consumo- quedan adscritas á Vicepresidencia Segunda, xunto ao

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC), o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), a Axencia Galega de Innovación (Gain), o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Axencia Galega da Industria Forestal (Xera).

No marco da Consellería de Facenda e Administración Pública, formarán parte deste departamento a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e tamén, a través da Dirección Xeral de Función Pública, a Escola Galega de Administración Pública. Ambos departamentos dependían da Vicepresidencia Primeira.

Pola súa banda, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade integra os departamentos da anterior Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, pasando un deles de dirección xeral a denominarse Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional. A Dirección Xeral de Políticas Culturais recupera o rango de Secretaría Xeral integrando nela a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Á Consellería de Sanidade adscribíuse a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.

Por último, na Consellería de Política Social créase a Dirección Xeral de Atención integral sociosanitaria.

As estruturas dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta, así como das consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Infraestruturas e Mobilidade; Medio Rural; e Mar mantéñense sen cambios.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOVO DE DECRETO DO DEPORTE DE ALTO NIVEL DE GALICIA

- *O decreto substitúe á norma de 2004 ata agora en vigor, establecendo unha regulación máis axustada ao actual sistema e máis garantista para o conxunto dos estamentos afectados*
- *O sistema de protección e as medidas ampliáanse, abríndose tamén a outros colectivos que se suman aos deportistas*
- *Entre outras medidas a norma crea a Oficina de Atención ao Deportista que prestará especial atención á facilitación de información, medios e servizos, e á fase da retirada competitiva*
- *Segundo o último recoñecemento publicado no DOG, Galicia conta na actualidade con 521 deportistas de alto nivel*

O Consello da Xunta de Galicia vén de aprobar o decreto polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base en Galicia, norma que substitúe ao Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro.

O alto nivel é un dos piares sobre os que se asenta o conxunto do sistema deportivo, tamén o existente en Galicia. Os axentes do alto nivel deportivo -nomeadamente os deportistas- contribúen ao posicionamento e recoñecemento da Comunidade Autónoma no territorio do Estado e no ámbito internacional, asentándose como referentes esenciais para o conxunto da sociedade nos valores comúns do deporte e na promoción de estilos de vida saudables e, por suposto, sendo guías insubstituíbles para o deporte de base.

Partindo deste recoñecemento da posición principal que o deporte de alto nivel ten para o conxunto do sistema, e contado coa referencia do sector deportivo galego, a norma aprobada no día de hoxe recolle unha nova e completa regulación do deporte de alto nivel da Comunidade Autónoma, recoñecendo e adaptándose ás súas distintas fases e ampliado a súa protección aos conxunto dos axentes intervintes, incluíndo aos deportistas.

Novas categorías, procedementos máis áxiles, dereitos e obrigas e novas ferramentas e servizos, son algunhas das principais novidades da norma que entrará en vigor coa súa próxima publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

### **A nova regulamentación**

Dando continuidade ao traballado durante a anterior norma, a nova regulamentación introduce cambios substanciais en distintos aspectos do alto nivel galego, para conformar unha regulación axustada ao deporte actual e máis garantista para todos os estamentos involucrados.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

Establécese así unha concepción ampla do alto nivel onde, sen perder como centro principal á figura do deportista, reconece agora tamén a importancia doutros colectivos como son os adestradores e técnicos ou os xuíces e árbitros. Así mesmo, e neste afán de abarcar a enteira realidade do deporte de alto nivel, reconece a posibilidade de que determinados medios materiais e instalacións destinadas á preparación da máis rigorosa exigencia competitiva, sexan especialmente recoñecidos e protexidos. Trátase dos núcleos de adestramento deportivo especializado que, coa nova norma, poderán optar a medidas específicas de protección.

Con carácter xeral, algúns dos principais factores da nova regulamentación son:

- Regulación completa do deporte de alto nivel e do procedemento e requisitos establecidos para o seu recoñecemento a deportistas, técnicos-adestradores e xuíces-árbitros. Así mesmo, establécese a posibilidade de obter este recoñecemento con carácter vitalicio.
- Regulación do alto rendemento deportivo e do procedemento e requisitos establecidos para o seu recoñecemento a deportistas.
- Regulación do rendemento deportivo de base, considerado como a etapa de desenvolvemento e perfeccionamento previa a acadar o alto rendemento ou o alto nivel deportivo. Esta nova categoría terá por únicos destinatarios aos deportistas.
- Establecemento do catálogo de dereitos e obrigas. Beneficios de carácter educativo, laboral ou económico que, na finalidade xenérica da norma, concretan un sistema garantista e protector dos e para os intereses dos axentes deportivos do alto nivel de Galicia, e que levan aparellados tamén distintas obrigas impostas pola propia máxima exigencia desta realidade competitiva.
- Regulación do recoñecemento dos centros de alto nivel e dos núcleos de adestramento especializado.
- Creación da Oficina de Atención ao Deportista, ferramenta necesaria dentro de calquera sistema de protección global e efectiva dos axentes deportivos, e que permitirá atendelos, dende o asesoramento, en todas as etapas –durante e despois- da súa carreira e dedicación competitiva.

A nova norma recolle tamén unha especial referencia ao Centro Galego de Tecnificación Deportiva –CGTD-, que pasa a recoñecerse como centro de alto nivel da Comunidade Autónoma, como instalación de referencia da excelencia competitiva que contempla asemade a formación académica dos deportistas coa finalidade de conseguir a súa formación integral. No 2007 e no 2010 respectivamente, incorporáronse á órbita e área de influencia deportiva do CGTD as instalacións do Centro Deportivo Pontillón do Castro e o Centro Galego de Tecnificación de Vela en Vilagarcía, instalacións que completan a preparación dos principais deportistas de piragüismo e vela.

**Antecedentes da nova norma**



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O novo decreto derroga o Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula a cualificación dos deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficios dirixidos a estes.

A norma derogada marcou un fito esencial no desenvolvemento do deporte da Comunidade Autónoma, sendo o punto inicial dunha política deportiva que pasaba a comprometerse de forma máis directa co apoio aos deportistas galegos.

En desenvolvemento desta norma e entre outras medidas, implementáronse as bolsas para os deportistas galegos de alto nivel que anualmente, e dende a súa creación un ano despois do decreto de 2004, supuxeron un investimento directo e total de mais de 5.225.000 euros, beneficiando a cerca de 800 deportistas, entre os que se atopan medallas en Xogos Olímpicos e Paralímpicos, así como medallistas en probas e campionatos internacionais de primeiro orde en categorías absolutas e previas á absoluta.

### Os deportistas galegos de alto nivel

Tras a última resolución de recoñecemento publicado no *Diario Oficial* de Galicia (DOG de 30 de agosto), Galicia conta con 521 deportistas de alto nivel (212 mulleres e 309 homes), o maior número dende o inicio do programa, e dos que 17 corresponden a modalidades de deporte de persoas con discapacidade.



## O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A ANTONIO RODRÍGUEZ MIRANDA SECRETARIO XERAL DA EMIGRACIÓN

- *Licenciado en Ciencias Biolóxicas e técnico superior en Riscos Laborais, ocupa a titularidade da Secretaría Xeral da Emigración desde decembro de 2012*
- *Natural da Bola, é coordinador de Acción Exterior do PPdeG desde 2013, membro do Comité Executivo do PPdeG desde o ano 2006, así como do Comité Executivo provincial do PP de Ourense*

O Consello da Xunta na súa reunión de hoxe acordou nomear titular da Secretaría Xeral da Emigración, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia, a Antonio Rodríguez Miranda, quen xa ocupa este cargo desde decembro de 2012.

Rodríguez Miranda, natural do concello da Bola, é licenciado en Ciencias Biolóxicas, na especialidade en Zooloxía, pola Universidade de Santiago de Compostela, e técnico superior en Prevención de Riscos Laborais na especialidade de Seguridade e Hixiene Industrial, ademais de profesor e director de Formación.

A súa traxectoria política comezou en 1999, cando resultou elixido concelleiro en Allariz, concello do que foi voceiro municipal do PP desde o 2001 ata 2012. Deputado no Parlamento de Galicia nas VII, VIII, IX e X lexislaturas, exerceu como voceiro do PPdeG entre os anos 2009 e 2013 e como secretario xeral de Emigración dende 26 decembro de 2012 ata a actualidade.

Na actualidade, é coordinador de Acción Exterior do PPdeG desde 2013, membro do Comité Executivo do PPdeG desde o ano 2006, así como do Comité Executivo provincial do PP de Ourense como responsable de Emigración.

## O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A NATALIA PRIETO COMO DIRECTORA XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

- *Desde 2013 desempeñaba o posto de directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*

O Consello da Xunta na súa reunión de hoxe acordou nomear directora xeral de Administración Local a Natalia Prieto dependente da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo. Desde 2013 desempeñaba o posto de directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e nos últimos meses tamén o de secretaria xeral da Igualdade por delegación.

Natalia Prieto é licenciada en Dereito pola Universidade de Vigo e funcionaria de carreira do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia. Na súa traxectoria profesional comezou como técnica de Medio Ambiente na Cámara de Comercio e Industria de Ourense

Ocupou distintos postos na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da entón Consellería de Cultura e Deporte e na Delegación do Goberno de Madrid. Posteriormente foi xefa do Servizo Técnico Xurídico e subdirectora xeral de Réxime Xurídico, Administrativo e Recursos Humanos, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.



## O CONSELLO DA XUNTA NOMEA DELEGADOS TERRITORIAIS A GONZALO TRENOR, JAVIER ARIAS, GABRIEL ALÉN, LUISA PIÑEIRO E MARTA FERNÁNDEZ-TAPIAS

O Consello da Xunta nomeou hoxe aos responsables das cinco delegacións territoriais. Así, a alcaldesa de Moraña, Luisa Piñeiro, será delegada territorial en Pontevedra e Marta Fernández-Tapias en Vigo; mentres que Gonzalo Trenor, Javier Arias e Gabriel Alén serán os delegados de A Coruña, Lugo e Ourense, respectivamente.

### **Gonzalo Trenor**

Licenciado en Dirección e Administración de Empresa pola Universidade de Santiago de Compostela, na especialidade de Dirección Financeira. Foi director do Plan de desenvolvemento integral das comarcas de Ferrol, Eume e Ortelgal nos anos 2011-2013. Deputado no Parlamento de Galicia dende xaneiro de 2013, onde foi vicepresidente da Comisión Economía, voceiro de Medio Ambiente e voceiro de Asuntos Exteriores e Cooperación.

### **Javier Arias**

Nacido no ano 1977. Licenciado en Dereito pola Universidade San Pablo-CEU, Conta con Master en Urbanismo e Ordenación do Territorio. Master en Dereito Ambiental Diploma de Estudos Avanzados en Doctorado en Dereito Administrativo. Ademais é técnico urbanista e funcionario da Deputación de Lugo. Dende o ano 2017 era o xefe territorial da consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta en Lugo.

### **Gabriel Alén**

Nacido en Ourense no ano 1977. Alcalde do concello de Cenlle do ano 2011 ata este ano, onde anteriormente foi concelleiro de Cultura e Deportes. Actualmente é coordinador do grupo popular na Deputación de Ourense. Mestre en Educación Física. Funcionario da Xunta dende o ano 2004.

### **Luisa Piñeiro**

Nacida no concello pontevedrés de Moraña en 1975, do que ocupou a Alcaldía desde 2011 ata a actualidade. É enxeñeira técnica en Industrias Forestais e conta cun Máster en Consultoría e Verificación Medioambiental. Entre o ano 2000 e o 2011 exerceu o cargo de responsable de Tramitación de Proxectos de Enerxía Eléctrica de Unión Fenosa Distribución Galicia Sur e Gas Natural. De 2015 a 2017 tamén foi deputada provincial en Pontevedra.

### **Marta Fernández-Tapias**

Licenciada en Dereito pola Universidade Complutense de Madrid e especialista en dereito mercantil, societario e administrativo. Naceu en Vigo en 1974. Foi directora de



**XUNTA  
DE GALICIA**



**Xacobeo 2021**

**galicia**

## **INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

Administración Local dende novembro do 2016, anteriormente exerceu a avogacía. Conta co Curso Superior de Protocolo da Cámara de Comercio de Madrid. Estivo na Escola de Práctica Xurídica Concepción Arenal do Ilustre Colexio de Avogados de Vigo.



UNIÃO EUROPEA

**FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**  
"Unha maneira de facer Europa"

**FONDO SOCIAL EUROPEO**  
"O FSE inviste no teu futuro"

**A XUNTA NOMEA DIRECTOR XERAL DE AVALIACIÓN E REFORMA ADMINISTRATIVA A JESÚS OITAVÉN BARCALA**

- *Esta Dirección Xeral pasa a formar parte da estrutura da Consellería de Facenda e Administración Pública, co que se concentran todas as competencias da función pública nun mesmo departamento*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento como director xeral de Avaliación e Reforma Administrativa a Jesús Oitavén Barcala, que substitúe a Natalia Prieto Viso. Esta Dirección Xeral pasa a formar parte da Consellería de Facenda e Administración Pública, o que permitirá concentrar nun mesmo departamento todas as competencias da área da función pública.

Nado en Cotobade en 1965, é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, é funcionario do Corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia e do Corpo de Xestión (en excedencia). Obtivo o diploma de directivo da Xunta e posúe o Diploma do Curso Superior de Urbanismo e o de Posgrao en especialización en Arrendamentos Urbanos e Propiedade Horizontal.

Oitavén Barcala comezou a súa carreira administrativa en 1993 como xefe de sección de Fiscalización no IGVS, e posteriormente como xefe de xestión económica e de control orzamentario na Consellería de Familia, Muller e Xuventude. Ao longo da súa traxectoria profesional traballou no Instituto Galego de Vivenda e Solo, onde foi director técnico de Supervisión e Asesoramento (1999-2005) e xefe da área de fiscalización (1994-1999).

Dende 2006 estivo a desenvolver a súa activade laboral como Auditor no Consello de Contas. Nesta institución foi auditor na Área Institucional, na Área do Sergas e como último destino, actualmente en servizos especiais, na Área de Conta Xeral. Dende maio de 2010 ostentou a Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ata a fusión co departamento responsable en materia de cultura.

Dende xaneiro de 2012 ostentou a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ata a reorganización dos departamentos da Xunta de Galicia producida en setembro de 2018, e desde setembro de 2018 exerceu a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR O ACCESO Á AUTOVÍA AUTONÓMICA AG-53 EN SENTIDO OURENSE DESDE DOZÓN CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 845.000 EUROS

- *O decreto de utilidade pública comprende as expropiacións das 10 fincas necesarias para a construción deste enlace entre a N-525 e a autovía*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento de actas previas este outono, para licitar as obras cara a finais de ano e executalas en 2021*
- *A nova vía terá dobre sentido de circulación entre a estrada nacional e o camiño de servizo que discorre paralelo á autovía pola súa marxe dereita*
- *O novo enlace evitará que os veciños de Dozón e da súa contorna deban desprazarse ata Piñor para acceder á autovía con sentido a Ourense*
- *A Xunta avanza, ademais, no proxecto que completará todos os movementos de entrada e saída desde Dozón á autovía, permitindo que os vehículos con orixe en Ourense poidan saír da AG-53 cara a Dozón*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a execución da conexión entre a autovía autonómica AG-53 e a N-525, en Dozón.

O orzamento estimado polo Goberno galego para esta intervención supera os 845.000 euros, nos que se inclúen os preto de 7.000 euros para o pagamento das expropiacións dos 10 predios necesarios para esta actuación.

Este proxecto define a solución adoptada para a construción do ramal de ligazón entre a autovía autonómica e a de titularidade estatal N-525, en Dozón, e permitir así o movemento de incorporación en sentido Ourense.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten previsto o levantamento de actas previas para este outono e licitar as obras entre finais deste ano ou principios de 2021, para a súa execución no ano 2021.

O enlace comeza na contorna do punto quilométrico 275 da estrada nacional, onde se proxecta unha ampliación do carril de vehículos lentos existente e cruza a AG-53, a través do paso inferior do punto quilométrico 59+410 da autovía, para continuar ao longo duns 400 metros ata entroncar coa autovía autonómica pola súa marxe dereita en sentido Ourense.

O proxecto da intervención incorpora algunhas das achegas formuladas no período de exposición pública para facilitar a accesibilidade a unha granxa próxima.





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Así, a nova vía entre a N-525 e a AG-53 terá dobre sentido de circulación entre a estrada nacional e o camiño de servizo que discorre paralelamente á autovía pola súa marxe dereita, manténdose a entrada na estrada nacional en dirección Ourense. Ademais habilitarase unha intersección para que os vehículos poidan transitar entre a nova vía e o camiño de servizo, manténdose o acceso directo e apto para vehículos pesados entre o camiño que dá acceso á granxa próxima e á estrada nacional.

A construción dun acceso á autovía é unha vella demanda deste municipio pontevedrés, que na actualidade só conta cun semienlace para acceder a esta vía de alta capacidade en dirección a Santiago.

O novo enlace evitará que os veciños de Dozón e da súa contorna deban desprazarse ata Piñor para acceder á autovía con sentido a Ourense.

Ademais, o departamento de Infraestruturas da Xunta está a redactar o proxecto que completa todos os movementos de entrada e saída desde Dozón á autovía AG-53. O novo ramal, que se situaría no punto no que está o actual semienlace, permitirá que os vehículos con orixe Ourense poidan saír cara a Dozón.

## **O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A ELENA MANCHA MONTERO DE ESPINOSA DIRECTORA XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá o nomeamento de Elena Mancha Montero de Espinosa como directora xeral de Relacións Laborais da Consellería de Emprego e Igualdade, unha dirección xeral de nova creación.

Nada en Cádiz en 1969, é licenciada en Dereito pola Universidade Complutense de Madrid e fixo un Máster Superior en Prevención de Riscos Laborais. Funcionaria de carreira do Corpo Superior de Inspectores de Traballo e Seguridade Social desde 1995, ten praza na Coruña desde 1996, momento no que comezou a súa carreira profesional en Galicia.

Así, Mancha Montero de Espinosa exerceu de xefa da Unidade de Seguridade e Saúde Laboral e de Xefa suplente da Inspección de Trabajo da Coruña entre 2010 e 2016, un tempo no que tamén foi titular do Equipo de Valoración de Incapacidades (EVI) no Instituto Nacional de la Seguridad Social. A súa última responsabilidade, antes deste nomeamento como directora xeral de Relacións Laborais, foi como xefa de equipo de Seguridade Social dende 2017 ata a actualidade, un período no que tamén desempeñou o papel de mediadora no Consello Galego de Relacións Laborais. A maiores, exerce como Árbitro de eleccións sindicais dende 2007.

No ámbito docente, Elena Mancha Montero de Espinosa deu clase no Máster da xurisdición social da Escola de Relacións Laborais da Coruña, entre 2017 e 2020. Con anterioridade, foi docente en diversos másters superiores de Prevención de Riscos Laborais con distintas entidades e universidades entre 1998 e 2008.

Así mesmo, a nova directora xeral de Relacións Laborais interveu como ponente en conferencias sobre o Dereito do Traballo en organizacións sindicais e empresariais ao longo de toda a súa carreira profesional.

## **A XUNTA NOMEA A CARMEN DURÁN PARRONDO COMO NOVA DIRECTORA XERAL DE SAÚDE PÚBLICA DA CONSELLERÍA DE SANIDADE**

O Consello da Xunta vén de nomear, na súa reunión semanal, a Carmen Durán Parrondo como nova directora xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, en substitución de Andrés Paz-Ares Rodríguez. A nova directora xeral de Saúde Pública, Carmen Durán Parrondo, é doutora Cum Laude en Farmacia (ano 1995), e especialista, vía FIR, en farmacia hospitalaria.

Na súa actividade profesional, ocupou, entre outros cargos, o de farmacéutica de atención primaria no Sergas no ano 2000, e foi coordinadora da Unidade de Uso Racional de Recursos da Xerencia de Atención Primaria de Santiago dende o ano 2010 a 2012. Así mesmo, foi coordinadora de farmacia extrahospitalaria da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago, dende o ano 2012 ao 2015.

Na actualidade, ocupaba o cargo de subdirectora xeral de Atención Hospitalaria do Sergas.

Na súa actividade investigadora e docente, a nova directora xeral foi docente en máis de 50 cursos (Fegas, Carlos III), e investigadora colaboradora e principal en diferentes proxectos de investigación, ademais de autora de 50 publicacións nacionais e internacionais.

Xunto ao anterior, Carmen Durán foi coordinadora de distintos plans e programas do Sergas, entre os que cabe destacar o Plan Galego de Hospitalización a Domicilio; o Programa Galego para a optimización da terapia nutricional especializada no paciente crítico; o Código Sepse, etc.

**SANIDADE NOMEA A JOSÉ FLORES XERENTE DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

- *Releva no cargo a Antonio Fernández-Campa*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de José Flores Arias como xerente do Servizo Galego de Saúde. Flores releva neste cargo a Antonio Fernández-Campa.

Flores é licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago, con premio extraordinario de licenciatura, e é médico especialista en Medicina Familiar e Comunitaria.

Flores Arias ocupaba dende o 2018 o posto do director Urgencias Sanitarias de Galicia-061. Na súa traxectoria profesional ocupou diversos postos dentro do 061. Así, foi director asistencial, médico coordinador en 1999, e posteriormente, no 2000, xefe de sala. No 2004 pasou a desenvolver o posto de subdirector asistencial, e entre 2005 e 2008 foi médico das bases medicalizadas do 061 de Ferrol, Santiago e Pontevedra. Entre 2008 e 2017 ocupou o posto de xefe da base medicalizada do 061 en Pontevedra. Na súa longa traxectoria profesional tamén foi médico de urgencias no Hospital de Montecelo, no Provincial de Pontevedra, no Hospital do Salnés e no Punto de Atención Continuada de Santiago.

**SANIDADE NOMEA A ANA MARÍA COMESAÑA ÁLVAREZ DIRECTORA XERAL DE RECURSOS HUMANOS**

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de Ana María Comesaña Álvarez como directora xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, en substitución de Margarita Prado Vaamonde.

Ana María Comesaña Álvarez naceu en Vigo en 1965. É licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, co Diploma de directivo da Xunta de Galicia, ten másters en Dereito sanitario e Xestión universitaria. Persoal estatutario do Grupo técnico da función administrativa (rama xurídica) dende 1992, desempeñou diversos postos no ámbito dos Recursos Humanos na administración sanitaria, entre eles o de subdirectora xeral de Políticas de Persoal na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde. Ocupou tamén o posto de vicexerente de persoal na Universidade de Vigo. Nos últimos anos traballou como directora de Recursos Humanos da área sanitaria de Pontevedra e O Salnés e dende finais de 2015, desempeñaba o posto de directora de Recursos Humanos na área sanitaria de Vigo.



## JACOBO REY, FERNANDO GONZÁLEZ E ANTÓN ACEVEDO, NOVOS DIRECTORES XERAIS DE FAMILIA, MAIORES E ATENCIÓN INTEGRAL SOCIOSANITARIA

- *Jacobo Rey Sastre asume a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica en substitución de Amparo González. O novo director era ata o momento xefe de Comunicación da Consellería de Facenda*
- *Á fronte da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade sitúase Fernando González Abeijón, que releva a Ildefonso de la Campa. O novo director viña exercendo como subdirector xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais*
- *Créase a nova Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria, que terá á fronte ao doutor Antón Acevedo Prado. Foi xerente do hospital de Monforte e, desde 2017, director de Procesos de Soporte da área sanitaria da Coruña*

O Consello da Xunta vén de aprobar o nomeamento de Jacobo Rey Sastre, como director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica en substitución de Amparo González; de Fernando González Abeijón, como director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade en substitución de Ildefonso de la Campa; e de Antón Acevedo Prado, que estará á fronte da nova Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria. Cómpre destacar o traballo e profesionalidade dos directores que cesan, ambos os dous cunha ampla traxectoria na Administración pública.

Jacobo Rey Sastre asume a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica tras desempeñar nos últimos sete anos tarefas como xefe de Comunicación da Consellería de Facenda. Nado en Santiago de Compostela en marzo de 1981, é licenciado en Xornalismo —especialidade de Xornalismo Audiovisual— pola Universidade de Santiago de Compostela. Traballou no grupo Voz, en Radio Galicia-Cadena SER e foi director da Axencia Galega de Noticias. Desde febreiro de 2013 ocupa o posto de xefe do Gabinete de Comunicación da Consellería de Facenda.

O novo director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade é Fernando González Abeijón. Natural de Vigo, nado en 1980 e é empregado público con ampla experiencia en diferentes postos da Administración autonómica, especialmente na área social. Ata hoxe exercía como subdirector xeral de Autorización e Inspección de servizos sociais da Consellería de Política Social.

O Consello vén de aprobar tamén a creación da nova Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria, que terá á fronte ao doutor Antón Acevedo Prado, médico especialista en Medicina Preventiva e Saúde Pública. Nado en Santiago de Compostela en 1978 é licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Entre outros cargos de xestión sanitaria, foi xerente do hospital de Monforte e, desde 2017, director de Procesos de Soporte da área sanitaria da Coruña.

## O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A INÉS SANTÉ RIVEIRA DIRECTORA DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o nomeamento de Inés Santé Riveira como Directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e como directora xeral de Desenvolvemento Rural, substituíndo no cargo a Miguel Ángel Pérez Dubois.

Nacida en Ferrol (A Coruña) en 1976, Inés Santé era, ata agora, profesora titular do Departamento de Enxeñaría Agroforestal da Universidade de Santiago de Compostela, onde impartía materias sobre ordenación do territorio, administración, valoración e instrumentos de xestión de terras, en titulacións como Enxeñaría técnica agrícola e de montes, entre outras.

Inés Santé é enxeñeira agrónoma pola Universidade de Santiago de Compostela e doutora pola mesma universidade. Tamén obtivo o Máster internacional UNIGIS en Sistemas de Información Xeográfica pola Universidade de Gerona e realizou estancias de investigación nas universidades de Wisconsin (EEUU), Trento (Italia), Cuenca e Azuay (Ecuador).

Ademais, Inés Santé conta con experiencia na administración pública galega xa que foi directora do Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia entre xuño de 2015 e novembro de 2018.

Santé Riveira vén desenvolvendo desde 2002 a súa actividade investigadora e docente na USC, nos campos da ordenación do territorio, da xestión territorial e da participación pública nos procesos de planificación. Tamén foi coordinadora do Máster Universitario en Xestión Sostible da Terra e do Territorio e secretaria do programa de doutoramento do mesmo nome.

## **O CONSELLO DA XUNTA NOMEA DIRECTOR DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA A JOSÉ LUIS CABARCOS CORRAL**

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o nomeamento de José Luis Cabarcos Corral como director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), en substitución de Manuel Rodríguez. Nado na Coruña, era ata o de agora director de Galicia da Asociación para el Progreso de la Dirección (APD).

José Luis Cabarcos é Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais na súa rama das finanzas e é especializado en enxeñería de procesos, desenvolvemento de negocios e equipos e desenvolvemento de proxectos, entre outros. Conta cun Master in Business Administration pola Escola de Negocios Caixanova.

Foi director de operacións e de área de negocio no Grupo Aluman desde 2005 a 2011 e foi director xeral en CEO Solutions desde 2014 a 2018. Tamén desenvolveu a súa actividade na organización de proxectos no concello de Arteixo entre os anos 2002 e 2004.

Ademais, no ámbito da docencia foi profesor de postgrao e de diversos seminarios na Universidade da Coruña entre os anos 2012 e o 2014. Tamén exerceu como director Executive MBA da Escola de Negocios de Afundación e foi docente titular na dirección de operacións, proxectos e simulación empresarial desde o ano 2015 ao 2019.



## **O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A SILVIA CORTIÑAS SECRETARIA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DO MAR**

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Silvia Cortiñas Fernández como secretaria xeral técnica da Consellería do Mar en substitución de Isabel Concheiro. Nacida en Caracas (Venezuela), era ata o de agora vicesecretaria xeral da Consellería do Medio Rural.

É licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais na sección empresariais, especialidade financiación pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) e funcionaria do Corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia, ocupando desde 1999 distintos postos na Administración pública galega.

Entre os cargos que desempeñou está o de xefa de servizo de Programas de Cooperación na dirección xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo e Benestar entre os anos 2002 e 2013 e o de subdirectora xeral de Servizos Sociais e Xestión Económica na Dirección Xeral de Familia e Inclusión da Consellería de Traballo e Benestar desde 2013 ata 2015. Desde 2017 ata 2018 ocupou o posto de vicesecretaria xeral da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e en outubro de 2018 incorporouse ao cargo que desempeñaba ata a actualidade.

**GALICIA MOBILIZA MÁIS DE 10,8 M€ PARA MELLORAR O EQUIPAMENTO DOS CENTROS TECNOLÓXICOS E APOIAR OS SEUS NOVOS PROXECTOS**

- *A Xunta achega preto da metade do investimento –5,25 M€– ás catro entidades que resultan beneficiadas deste programa de apoios*
- *Os cinco proxectos que van desenvolver o CTAG –con dúas iniciativas apoiadas–, Aimen, Gradient e Cetim están relacionados cos vehículos eléctrico, autónomo e conectado; a economía circular e a bioeconomía; ou as novas tecnoloxías de comunicación móbiles*
- *O obxectivo desta liña de axudas, que leva mobilizado máis de 19 millóns de euros en investimentos en infraestruturas tecnolóxicas nas dúas edicións convocadas ata o momento, é mellorar a excelencia investigadora dos centros de coñecemento de Galicia e as súas tarefas de transferencia ao tecido empresarial*

O Consello da Xunta avaliou hoxe a convocatoria de axudas para o fortalecemento dos centros de coñecemento galegos que acaba de resolver a Vicepresidencia Económica e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. Son cinco proxectos –liderados por catro entidades– os que resultan beneficiados deste programa de apoios que, nas súas dúas edicións convocadas ata o momento, leva mobilizado máis de 19 millóns de euros.

Trátase dun programa de axudas da Axencia Galega de Innovación (Gain) para mellorar o equipamento dos centros tecnolóxicos e dos centros de apoio á innovación con infraestruturas máis avanzadas para o desenvolvemento dunha I+D punteira. O obxectivo desta liña de apoios, que dá continuidade a unha primeira convocatoria publicada en 2018, é mellorar a excelencia investigadora dos centros tecnolóxicos galegos e as súas tarefas de transferencia ao tecido produtivo. En concreto, cofinanciados a través do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, na nova resolución destínanse 5.254.007 euros, o que permitirá mobilizar en Galicia máis de 10,8 M€.

Os centros que van ser apoiados nesta orde de axudas son, por unha banda, o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG), que vai poder poñer en marcha dous proxectos. O primeiro deles, para desenvolver novas tecnoloxías orientadas ao vehículo autónomo e conectado. Ten como obxectivo afondar en ámbitos como a conectividade con elementos externos, a ciberseguridade, as tecnoloxías de comunicación como as redes 5G ou a seguridade pasiva.

O segundo proxecto está vinculado ao coche eléctrico/híbrido e os seus compoñentes. En concreto, o CTAG instalará novos laboratorios e equipamentos que permitirán desenvolver, caracterizar e validar de forma controlada todos os subsistemas asociados ao vehículo eléctrico en condicións reais de funcionamento: desde o motor



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

eléctrico, pasando por tecnoloxías de almacenamento como as baterías de litio, a electrónica de potencia ou o confort interior.

Este centro tecnolóxico ampliará, así, as súas competencias en ambos os dous ámbitos, reforzando as súas liñas de investigación e servizos a empresas e empregando como base as capacidades e os coñecementos adquiridos ata o de agora. En total, o CTAG recibirá axudas por valor de máis de 4,78 millóns de euros, mobilizando deste xeito por preto de 10M€. Son as dúas iniciativas que nesta edición reciben máis apoios.

A segunda das entidades beneficiarias é a Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste (Aimen), que vai contar co apoio da Xunta para a mellora da súa planta piloto de ensaios de corrosión. Será mediante unha infraestrutura que permitirá complementar os labores de ensaio pero dispoñendo dun maior volume e capacidade de cámaras. Con este novo equipamento, este centro tecnolóxico poderá realizar algunhas das avaliacións posteriores aos ensaios de decorrosión requiridas por moitas normativas e que actualmente non pode acometer, como a comprobación da resistencia en condicións de abrasión por partículas sólidas ou da perda de brillo. Ten previsto mobilizar 189.338 euros, achegando a Xunta de Galicia a metade do investimento.

A Fundación Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient) vai recibir tamén apoio no marco desta liña de axudas para o establecemento dunha plataforma experimental de tecnoloxías de comunicacións móbiles avanzadas. Cun investimento de 107.005 euros –a Xunta tamén colabora cunha axuda que ascende ao 50% da contía final–, permitiralle explotar novas capacidades destas redes co soporte da intelixencia artificial para a creación de aplicacións, produtos e servizos innovadores e de alto interese na modernización de sectores como o primario, o turismo ou a industria.

Por último, o Centro Tecnolóxico de Investigación Multisectorial (Cetim) vai acometer o quinto dos proxectos, que contará con axudas por valor de 325.343 euros para afondar nunha das súas liñas principais de investigación: a economía circular e a bioeconomía. Este proxecto supónlle, neste sentido, un avance significativo a nivel de equipamento científico-técnico para afianzar a súa actual posición neste eido de estudo e incrementar as súas capacidades de I+D+i.

Na anterior convocatoria de 2018, que contou cun orzamento de máis de 4,1M€, resultaron beneficiados cinco centros de coñecemento galegos de diferentes ámbitos de actividade: Anfaco-Cecopesca, o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), Aimen, o Centro Tecnolóxico de Investigación Multisectorial (Cetim) e o Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG).

## GALICIA ACTIVA A SÚA PRIMEIRA EMISIÓN DE BONOS SOSTIBLES POR UN IMPORTE DE 500 MILLÓNS DE EUROS

- *É a segunda Comunidade Autónoma de réxime común que realiza unha emisión destas características*
- *Estes bonos serán utilizados en proxectos relacionados co uso verde dos recursos, como as enerxías renovables, a eficiencia enerxética, a prevención e o control da contaminación ou o transporte limpo, entre outros*
- *Os recursos tamén poderán ser empregados nun uso social, como a mellora da accesibilidade no mundo rural, o acceso a servizos esenciais, o acceso á vivenda ou a xeración de emprego*
- *Esta operación enmárcase na xestión eficiente da débeda, xa que Galicia é a comunidade que menos aumentou o seu volume de débeda desde 2008*

O Goberno galego vén de activar a primeira emisión de bonos sostibles da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe de 500 millóns de euros. Estes bonos estarán integramente orientados aos investimentos sociais e medio ambientais, á economía verde e sostible e vinculados tamén á Axenda 2030, segundo consta nun informe analizado hoxe no Consello da Xunta polo conselleiro de Facenda e Administración Pública.

No ano 2019, a Comunidade galega retornou aos mercados financeiros froito da confianza que Galicia achega aos investidores, o que está permitindo aproveitar as condicións que ofrece o mercado, con abundante liquidez, elevada demanda e os tipos de interese historicamente baixos. De feito, a finais de ano Galicia mesmo chegou a formalizar a primeira emisión de débeda con rendibilidade negativa da historia da Autonomía.

Agora, Galicia será a segunda comunidade autónoma de réxime común que realiza unha emisión de bonos sostibles, que serán utilizados en proxectos relacionados co uso verde dos recursos, como as enerxías renovables, a eficiencia enerxética, a prevención e o control da contaminación, a xestión sostible dos recursos naturais, o transporte limpo ou a xestión sostible da auga e das augas residuais.

Ademais, estes recursos tamén poderán ser empregados nun uso social, a través de proxectos relacionados con infraestruturas básicas e asequibles –como a mellora da accesibilidade no mundo rural–, o acceso a servizos esenciais, o acceso á vivenda ou a xeración de emprego, entre outras liñas de actuación.

Unha das novidades dos bonos sostibles radica en que a Administración emitirá informes sobre a asignación destes recursos, de xeito que os investidores dispoñerán de información sobre a cantidade total de investimentos realizados en cada proxecto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

O obxectivo do Goberno galego é pechar esta operación nos vindeiros días. Esta emisión de 500 millóns de euros xa estaba prevista no Programa Anual de Endebemento da Comunidade Autónoma e non supón un incremento da cifra neta de endebedamento, xa que coincide coa amortización doutros créditos xa existentes.

**Xestión eficiente da débeda**

Os datos oficiais do Banco de España ratifican que Galicia é a comunidade autónoma que menos incrementou o seu volume de débeda nos últimos once anos. O aumento da débeda pública en Galicia entre 2008 e 2019 é o menor de toda España, xa que o incremento rexistrado en Galicia representa 110 puntos inferior ao do conxunto de España, e grazas a este mellor comportamento respecto ao resto das comunidades autónomas Galicia evitou na última década a emisión de 3.874 millóns de euros de débeda.

Segundo os datos do organismo regulador, Galicia é a terceira comunidade autónoma de réxime común coa menor ratio de débeda/PIB de toda España. Este indicador sitúase ao peche do primeiro trimestre de 2020 no 18,1%, seis puntos menos que a media autonómica (24,1%), e só dúas comunidades de réxime común –Canarias e Madrid– teñen unha ratio de débeda máis baixa que a galega.

## A XUNTA DESTINOU NO ÚLTIMO ANO MÁIS DE 38 MILLÓNS DE EUROS Á MELLORA DOS PORTOS AUTONÓMICOS

- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre as actuacións de Portos de Galicia relacionadas con servizos e obras portuarias entre xullo de 2019 e xullo 2020*
- *Estas accións son froito da análise realizada polo ente dependente da Consellería do Mar sobre as necesidades máis importantes nos 122 portos de competencia autonómica e supoñen un importante esforzo en investimento*
- *As xestións realizadas redundan no acondicionamento dos abrigos nos peiraos e dos pavimentos nos pantaláns e con eles promóvese a mellora das condicións de traballo dos profesionais do mar*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre as actuacións de Portos de Galicia entre xullo de 2019 e xullo 2020 que reflicte que nese período o ente público dependente da Consellería do Mar xestionou actuacións relacionadas con servizos e obras portuarias por máis de 38 millóns de euros. Estas accións son froito da análise realizada por Portos de Galicia en relación ás necesidades máis importantes nos 122 portos de competencia autonómica e supoñen un importante esforzo en investimento para dotalos de instalacións que faciliten e melloren a operatividade portuaria.

As xestións realizadas redundan na mellora dos abrigos nos peiraos e dos pavimentos nos pantaláns con materiais ecolóxicos e de maior durabilidade e con eles promóvese a mellora das condicións de traballo dos homes e mulleres do mar así como da seguridade das súas embarcacións. Ao mesmo tempo sentan as bases para a definición completa das necesidades detectadas e a súa futura execución para dar o pulo preciso aos sectores pesqueiro e náutico, así como tamén ás embarcacións tradicionais.

O informe detalla que dos máis de 38 millóns de euros destinados a mellorar a operatividade portuaria, arredor de 25 millóns de euros xestionáronse en obras portuarias, parte delas formalizadas e en execución, onde no período que comprende o informe figuran obras como a dragaxe do porto de Laxe ou o abrigo do porto de Burela. A outra parte son aquelas obras contratadas, licitadas ou en trámites de licitación, onde aparecen actuacións como o edificio de departamentos para usuarios no porto de Rianxo, entre outras, e tamén inclúe as obras executadas por emerxencia como os danos ocasionados polos temporais, por exemplo na lonxa de Camariñas e nos portos de Mera e Barallobre.

A cantidade restante, máis de 13 millóns de euros, correspóndese á xestión de servizos en contratación a través de distintos procedementos. Neste apartado inclúense asistencias técnicas para atender diferentes proxectos de acondicionamento e mellora das instalacións, as ampliacións de estudos ambientais e caracterización de materiais



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

de dragaxe, actuacións de reordenación de tráfico, sinalización e elaboracións de pregos, entre outros. Tamén accións relacionadas co control de accesos e inspección portuaria nos portos comerciais de titularidade autonómica da Pobra do Caramiñal, Ribeira, Brens, Cariño, Celeiro, Burela, Laxe e Ribadeo.

Ademais enmárcanse nesta parte proxectos e estudos que poñen a primeira pedra e confirman o compromiso de futuras actuacións que farán avanzar as infraestruturas portuarias de Galicia e lle darán o pulo preciso aos sectores pesqueiro e náutico.

Todas estas accións de mellora e mantemento dos portos buscan responder ás necesidades das instalacións portuarias e poñelas en valor coa finalidade de impulsar a competitividade, e eficiencia e a sustentabilidade dos peiraos autonómicos.

